

## O investigador Emilio Rolán Mosquera recibiu a Insignia de Ouro da USC

Está recoñecido como o científico que descubriu máis especies mariñas novas para a ciencia no que vai do século

Actualizada: 07-02-2017 14:51



O reitor impúxolle a Insignia de Ouro nun acto no Salón de Graos de San Xerome. Foto: Servimav-USC

O reitor Juan Víaño impúxolle este martes 7 a Insignia de Ouro da USC a Emilio Rolán Mosquera pola súa destacada colaboración coa universidade compostelá. Investigador *ad honorem* da USC, está recoñecido polo World Register of Marine Species (WoRMS) como o científico que descubriu máis especies mariñas novas para a ciencia no que vai do século XXI, con máis de mil. En 2003 doou á USC a súa colección malacolóxica, unha das mellores coleccións de moluscos de Europa cun volume próximo ao millón de pezas que se pode visitar na actualidade no Museo

de Historia Natural da USC (MHN).

O acto protocolario de imposición da Insignia de Ouro da USC celebrouse no Salón de Graos do Colexio de San Xerome coa presenza, xunto ao reitor, da directora do Museo de Historia Natural da USC, M<sup>a</sup> Isabel Fraga; e o concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro Fernández. Esta é unha distinción que concede o reitor a aquelas persoas físicas que sobresaian dun xeito especial nos servizos prestados á institución, xa sexa pola súa duración ou continuidade no tempo ou pola súa especial relevancia ou significación.

"Emilio Rolán é un deses casos dos que todos debemos aprender" afirmou o reitor, "falamos dun home que entrou na ciencia dende a súa afección polos moluscos e que logrou comprender axiña a importancia de compartir co mundo cada un dos seus descubrimentos". Colaborou activamente na creación do Museo de Historia Natural da USC, onde se exhibe a 'Colección malacolóxica E. Rolán', de "incalculable valor económico e científico e que foi doada xenerosamente sen que supuxera ningún beneficio económico para Emilio Rolán e si un importante incremento do patrimonio científico e cultural da USC".

Ademais do agradecemento manifesto pola distinción outorgada pola USC, Emilio Rolán entregou ao reitor un exemplar da súa última publicación sobre especies do Pacífico tropical sur. A mostra Rolán é unha colección aberta que segue medrando na actualidade, lembrou na *laudatio* a directora do MHN, M<sup>a</sup> Isabel Fraga, quen cuantificou o seu volume nun número próximo aos dous millóns de exemplares. Ademais das abundantes mostras de cunchas, no Museo está dispoñible material complementario como fichas descritivas, debuxos, cadernos de campo, preparacións para microscopio, así como libros e artigos en revistas especializadas. A profesora Fraga deixou constancia da súa admiración "pola valía científica e persoal" de Emilio Rolán, colaborador habitual do MHN "tanto como asesor científico, mecenas ou impartindo obradoiros sobre as súas especialidades".

[http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2017\\_02/noticia\\_0034.html](http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2017_02/noticia_0034.html)